



Asunto: Requirimento para subsanación de defectos na documentación administrativa para o contrato de obras de “Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares”.

Procedida a apertura do sobre nº 1, correspondente á documentación administrativa e á vista da documentación achegada polos licitadores, advírtese pola Mesa de Contratación o seguinte:

Que a respecto da empresa **BRICANTEL ESPAÑA, S.L** na declaración responsable que achega, non declara que a mercantil, á que representa ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequívocamente o obxecto do presente contrato, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente incritos nos rexistros correspondentes. De conformidade co establecido no artigo 2º do modelo de declaración responsable anexo II do prego de cláusulas administrativas. Así mesmo, se constata que o modelo de declaración responsable achegada non está debidamente asinada.

Visto o anteriores deficiencias, e co obxecto de verificar que se cumpre co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares así como coa normativa de aplicación, esta Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Requirir á empresa **BRICANTEL ESPAÑA, S.L.** para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figura no prego de cláusulas administrativas dado que no punto 2º da declaración omite o relativo a declarar que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequívocamente o obxecto do contrato, de acordo co recollido no artigo.... dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente incritos nos Rexistros correspondentes. Así mesmo, debe achegar a declaración responsable debidamente asinada con sinatura orixinal.

O que se lle comunica aos efectos do seu cumprimento no prazo máximo **de tres (3) días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da recepción desta comunicación.

O Secretario da Mesa de Contratación
José Ángel Fernández Rodríguez.

Documento asinado dixitalmente á marxe.



EXCMO. CONCELLO DE TUI
Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

BRICANTEL ESPAÑA S.L.
Avd. Das Canarias, nº34-1º Andar 5300-107 Bragança
info@bricantel.com